# CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

<table>
<tr><th>CONDUTA (Art. 42 Decreto 8/2015)</th><th>MEDIDA CORRECTORA TOMADA (Art. 43 Decreto 8/2015)</th><th>APLICA</th><th>OBSERVACIÓNS</th></tr>
<tr><td rowspan="11"><ul><li>Agresións, inxurias ou ofensas non graves contra os demais membros da comunidade educativa.</li><li>Actos de discriminación non graves contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades física, sencoriais ou psíquicas ou calquera condición ou circunstancia persoal ou social.</li><li>Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.</li><li>Os danos leves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativo ou de terceiros, así como a súa substracción.</li><li>Actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.</li><li>Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares</li><li>A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.</li><li>A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</li><li>Outras condutas leves tipificadas como tales nas normas de convivencia do centro.</li></ul></td><td rowspan="2">Amonestación privada ou por escrito</td><td>Profesor/a<br>Titor/a</td><td>Oído o alumno e comunicado ao xefe de estudos ou equivalente en CPR concertado</td></tr>
<tr><td>Director/a<br>Xefe de estudos</td><td>Oídos o alumno, o profesor e o titor.</td></tr>
<tr><td>Comparencia inmediata ante xefe de estudos ou equivalente en CPR concertado.</td><td>Profesor/a<br>Titor/a</td><td>Oído o alumno e comunicado ao xefe de estudos ou equivalente en CPR concertado</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Traballos específicos en horario lectivo</td><td>Profesor/a<br>Titor/a</td><td>Oído o alumno e comunicado ao xefe de estudos ou equivalente en CPR concertado</td></tr>
<tr><td>Director/a<br>Xefe de estudos</td><td>Oídos o alumno, o profesor e o titor.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Tarefas de mellora do desenvolvemento das actividades do centro en horario non lectivo</td><td>Titor/a</td><td>Oído o alumno e comunicado ao xefe de estudos ou equivalente en CPR concertado</td></tr>
<tr><td>Director/a<br>Xefe de estudos</td><td>Oídos o alumno, o profesor e o titor.</td></tr>
<tr><td>Ata dúas semanas sen actividades complementarias ou extraescolares</td><td>Director/a<br>Xefe de estudos</td><td>Oídos o alumno, o profesor e o titor.</td></tr>
<tr><td>Cambio de grupo ata unha semana</td><td>Director/a<br>Xefe de estudos</td><td>Oídos o alumno, o profesor e o titor.</td></tr>
<tr><td>Ata 3 días lectivos sen poder asistir a determinadas clases (con traballos escolares)</td><td rowspan="2">Director/a</td><td rowspan="2">Oídos o alumno, o profesor e o titor e comunicado a pais e comisión de convivencia do centro</td></tr>
<tr><td>Ata 3 días lectivos sen poder asistir ao centro (con traballos escolares)</td></tr>
</table>